

## 33ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA

Arzúa, 2 de xuño 2018

### PROGRAMA:

As palestras serán na Pulpeira de Santa María (detrás da nave de Erica Mel)

#### **APICULTURA COMERCIAL**

De 10 a 10.30 h. Os produtos da colmea e a súa comercialización. Por Laura García, técnica de AGA.

De 10.30 a 11.15 h. Meles monoflorais de Tenerife e presentación do Congreso Nacional Apícola de Tenerife. Por Antonio Bentabol, director da Casa de la Miel de Tenerife

De 11.15 a 11.45 h. Producción e comercialización de pole. Por Macmel (Portugal)

De 11.45 a 12.15 h. Debate e preguntas.

#### **PROHIBICIÓN DOS PESTICIDAS**

Acto para celebrar a recente prohibición na Unión Europea dos tres principais pesticidas perigosos para as abellas.

#### **ÁS 13 H. ASEMBLEA XERAL DE ERICA MEL S.C.G.**

#### **ÁS 14 H. XANTAR NA PULPEIRA DE SANTA MARÍA**

A pulpeira abrirá como un día de feira e ofrecerá o seu menú habitual: pulpo á feira, carne ó caldeiro, etc. Non é necesario reservar previamente. Para máis información: Tel. 986 58 77 21

#### **SANIDADE APÍCOLA**

De 16 h. a 17 h. Tratamentos contra a varroa. Por Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, veterinarios de AGA

De 17 h. a 18 h. Presentación de novidades na loita contra a *Vespa velutina*.

#### **RECOLLIDA TRATAMENTOS VARROA**

No Centro do Queixo e do Mel, de 10 a 14 h.

Recollida dos tratamentos contra a varroa solicitados polos socios e socias. Para recollelo este día é necesario indicalo na ficha de pedido.

#### **DURANTE TODO O DÍA**

Na nave de Erica Mel: Feira de material apícola

No Centro do Queixo e do Mel: Exposición "Loita Velutina" (trampas eléctricas e outros sistemas), exposición fotográfica "Apicultura no Courel" e actividades para nenos e nenas.

### **CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ERICA MEL S.C.G.**

2 de xuño de 2018 na Pulpeira de Santa María de Arzúa. Ás 13 h. en 1ª convocatoria e as 13.30 h. en 2ª convocatoria.

Orde do día:

1. Lectura da acta aprobada da asemblea xeral ordinaria de 2017.
2. Exame da situación do mercado do mel e aprobación, no seu caso, da xestión.
3. Aprobación se procede, das contas correspondentes o exercicio de 2017
4. Resolver sobre a proposta do Consello Rector en canto á distribución do excedente ou perdas.
5. Destino, no seu caso, do Fondo de Formación e Promoción Cooperativo.
6. Aportación obrigatoria e cuota de ingreso para os/as novos/as socios e socias.
7. Designación de tres socios/as para subscribir e aprobar a acta da presente Asemblea Xeral.
8. Rogos e preguntas.

## DÍA MUNDIAL DA ABELLA - 20 de maio

Este ano será a primeira celebración oficial do 20 de maio como o Día Mundial da Abella. As Nacións Unidas así o declararon na súa última Asemblea Xeral celebrada en decembro do 2017 en Nova York. AGA festexará este día con varias celebracións simultáneas en diferentes lugares de Galicia. A continuación un resumo dos lugares e actividades a realizar, o programa completo pódese consultar na web [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es).

### ALLARIZ

Festival Internacional de Xardíns de Allariz. De 11 h. a 14 h.

Obradoiros, degustacións e información sobre os produtos apícolas e a loita contra a *Vespa velutina*, por parte do alumnado do Curso Superior de Apicultura Comercial, que atenderán a todos os abelleiros e abelleiras que se acheguen ese día. Para poder ter acceso de balde, é preciso inscribirse antes do 16 de maio por email a [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) ou teléfono 981 508 142.

### BAIONA. DAGA RÍAS BAIXAS

20 de maio II Feira Apícola Val Miño, Paseo Ribeira (Entrada do Parador)

19 de maio III Xornadas Apícolas, a partir das 16 h. en Capitanía Marítima. Falarán Gonzalo Calvo sobre a mortandade das colmeas, Ruth Vilar sobre ¿Quen alimenta realmente o mundo? e Ignacio Fernández sobre os produtos das colmeas.

### A CORUÑA. DAGA CORUÑA

Xardín Botánico de Culleredo

Actividades e obradoiros para todos os públicos sobre as abellas e a *Vespa velutina*.

## OUTRAS XORNADAS

### Manexo das colmeas ante a *Vespa velutina*

Ortigueira, 10 de xuño. Colmear didáctico e Centro Social de San Adrian

Imparten: Técnicos de AGA

Prezo: De balde, pero é preciso inscribirse con antelación

### Xornada de convivio: Apicultura e oso no Courel

Seoane do Courel. Sábado, principios de xullo (pendente confirmar data)

Prezo: De balde, pero é preciso inscribirse con antelación

Charlas, exposicións e coloquios sobre a apicultura e a convivencia co oso no Courel. Daremos información sobre o pastores eléctricos para protexer os colmeares ante o ataque do oso, como solicitar as axudas de danos, os permisos necesarios e posibles axudas para restaurar albarizas. Haberá un xantar de convivio e obradoiros para nenos e nenas.

## VIAXE APÍCOLA: IX CONGRESO NACIONAL APÍCOLA EN TENERIFE

AGA organiza unha viaxe a Tenerife do 24 ó 28 de outubro con motivo do IX Congreso Nacional de Apicultura, que incluírá tamén visitas técnicas e turísticas. No primeiro prazo para inscribirse o prezo por persoa en habitación dobre era de 400 € (voo Santiago-Tenerife e aloxamento con almorzo). Agora ampliamos o prazo ata o 4 de xuño, pero o prezo final confirmarase en función do número de persoas inscritas e a data na que se confirme a reserva. O programa completo da viaxe enviarémolo ás persoas inscritas.

## PROGRAMA DE FORMACIÓN DE AGA

Nos meses de maio e xuño temos varios cursos nos que quedan todavía prazos: cría de raíñas en Apilarouco (Cualedro) e Abella Meiga (Outeiro de Rei), apicultura de lecer na Casa das Abellas (Abegondo), xornada sobre reprodución do apiario na DAGA Bergantiños, sobre propóleos na DAGA Morrazo, etc. Consultar o programa na web ou na sede de AGA.

### MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) / Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

# TRATAMENTO VARROA 2018

**Pedidos:** Os socios/as que non fixeron o pedido polo Plan Apícola poden facelo agora, enviando a AGA por email ou por carta a ficha de pedido e o xustificante de pagamento antes do 26 de maio.

**Recollida:** Indicar o lugar de recollida na ficha. Pódese recoller o día 2 de xuño na Mostra Galega de Apicultura en Arzúa. Os pedidos de máis de 100 colmeas serán enviados ó domicilio.

**Pago:** Por transferencia ó nº de conta de AGA, indicando no concepto o nome do socio/a e "Tratamentos varroa 2018"

**Atención:** Os socios/as que presentaron o Plan Apícola 2018 non teñen que enviar de novo a ficha de pedido, só no caso de que necesiten máis tratamento do solicitado para a subvención.

## LUGARES E CALENDARIO DE ENTREGA

ARZUA. Centro Queixo e Mel. Sabado 2 de xuño, na Mostra Galega de Apicultura, de 10 a 14 h.	ALLARIZ. Fundación Ramón González Ferreiro. Sabado 23 xuño, de 11 a 13 h.
QUIROGA. Casa da Cultura. Sabado 9 xuño, de 11 a 13 h.	CUALEDRO. Centro de Interpretación dos Castros. Sábado 23 de xuño, de 17 a 19 h.
VIANA DO BOLO. Pazo do Mel. Sabado 9 xuño, de 17 a 19 h.	MONDOÑEDO. Centro Comarcal A Mariña Central (Antigo cuartel). Domingo 24 xuño, de 11 a 13 h.
ORTIGUEIRA. Centro Social de San Adrián. Domingo 10 de xuño, de 17 a 19 h.	O CORGO. Local Veciños Pedrafita. Domingo 24 xuño, de 17 a 19 h.
LALÍN. Auditorio- Conservatorio. Venres 15 xuño, de 17 a 19h.	CARBALLO. Pazo da Cultura. Sábado 30 xuño, de 11 a 13 h.
PONTEVEDRA. Apípolis - San Andrés de Xeve. Sabado 16 de xuño, de 17 a 19 h.	BOIRO. Centro Cultural A Cachada. Sábado 30 xuño, de 17 a 19 h.
GONDOMAR. Centro Neural. Domingo 17 de xuño, de 11 a 13 h.	A CORUÑA. Bar Lorenzo. Venres 6 de xullo, de 17 a 20 h.
MOAÑA. Casa Mocidade, O Rosal. Domingo 17 xuño, de 19 a 21 h.	NARON. Asoc. Veciños Sedes. Sábado 7 de xullo, de 11 a 13 h.

## PREZOS TRATAMENTOS VARROA

PRODUTO	PRINCIPIO ACTIVO	Nº COLMEAS/ ENVASE	PREZO / ENVASE
APIVAR	AMITRAZ (tira de 20,5 cm)	5	15,30 €
APITRAZ	AMITRAZ (tira de 25 cm)	5	14,55 €
THYMOVAR (ECOLOXICO)	TIMOL	5	17,85 €
ECOXAL (ECOLÓXICO)	ACIDO OXÁLICO	25	48,40 €



## FICHA PEDIDO TRATAMENTOS VARROA 2018

Nome do socio/a:.....

Titular da explotación: .....

Nº REGA: ..... Lugar de recollida: .....

Produto:..... Nº envases: .....

**Pago por transferencia ó nº de conta de AGA: ES02 2080 0348 38 3000018210 (ABANCA)**  
indicando no concepto o nome do socio/a e "Tratamento varroa 2018"

**Enviar esta ficha cuberta xunto co xustificante de pagamento antes do 26 de maio**  
por email [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) ou carta a AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)